



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MATERIALES PARA LA CONSTRUCCIÓN (ASEMACO) PARA A DIVULGACIÓN DAS AXUDAS EN MATERIA DE VIVENDA EN GALICIA E DO FINANCIAMENTO CO SISTEMA CREDIASEMACO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante IGVS),

DECLARA:

Que o 9 de xuño de 2020 asinouse o convenio de colaboración entre o IGVS e a ASEMACO para a divulgación das axudas en materia de vivenda en Galicia e do financiamento co Sistema Crediasemaco.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas de colaboración entre as partes para a promoción do Sistema Crediasemaco, por entender que se trata dun sistema que incide favorablemente na potenciación da realización das actuacións de rehabilitación na Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Ao IGVS, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, correspóndelle a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, polo que está interesado en apoiar todas aquelas iniciativas de carácter público ou privado que contribúan a incentivar o sector.

ASEMACO é unha asociación integrada por empresas do sector de comercio de materiais de construción e saneamento, aínda que tamén teñen cabida empresas de sectores moi afíns do comercio da construción en xeral. O seu ámbito de actuación é Galicia e os seus fins asociativos son a xestión, defensa e coordinación dos intereses comúns das empresas asociadas integradas na mesma. Entre os servizos que presta ASEMACO está o Sistema Crediasemaco que consiste nun sistema de financiamento das vendas das empresas asociadas aos seus clientes.

Como complemento ao servizo citado e coa finalidade de incentivar o mercado da rehabilitación, que ten unha incidencia clara no sector no que opera ASEMACO, a asociación está interesada en difundir as axudas que existen neste ámbito e que supoñen un incentivo para acometer estas actuacións, e para iso amosa a súa vontade de colaborar co IGVS na divulgación das axudas xestionadas polo organismo.





As partes asinaron sete convenios de colaboración dende o ano 2012 que tiñan por obxecto contribuír á difusión do Sistema Crediasemaco e, por ende, constituír un mecanismo de incentivación da rehabilitación na nosa comunidade autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria.

